



CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DETERMINADOS CONCELLOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE INFRAESTRUTURA RURAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural ten previsto formalizar cos concellos relacionados no Anexo a esta memoria o instrumento convencional arriba referido que entrará en vigor o día da súa sinatura e permanecerá vixente ata o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao Concello e a formalización da acta de entrega.

Que o instrumento convencional ten por obxecto :

A execución por parte da Consellería do Medio Rural de obras de titularidade municipal dos concellos de acordo co Anexo a esta memoria e destinalas a o uso público, conforme aos seus correspondentes proxectos de obra.

As obras a conveniar consisten en melloras nas vías rurais municipais nas que, dadas as súas condicións de deterioro, os concellos asinantes consideran prioritarias e urxentes. A súa finalidade é garantir a transitabilidade nunhas condicións aceptables de seguridade vial e de uso.

Así mesmo, a Consellería do Medio Rural considera importante contribuír na execución destas obras, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias e das súas competencias, para a mellora da calidade de vida da poboación rural.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Estes convenios encádranse dentro dun marco de actuacións en infraestruturas rurais financiadas con fondos propios solicitadas polos concellos para as que a Consellería do Medio Rural accede a colaborar tanto no seu financiamento como na xestión da licitación e a execución das obras mediante a sinatura deste instrumento do convenio de colaboración.

As actuacións están diferenciadas respecto de outro tipo de actuacións en base á súa:

Urxencia : Son contratadas e adxudicadas pola Consellería cunha única anualidade 2017 cun prazo máximo de execución de 3 meses.

Tipoloxía: Actuacións en pontes, núcleos de poboación, entre outros e,

Titularidade: Teñen cabida actuacións supramunicipais, que afectan a varios concellos simultaneamente





Así:

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural, en virtude do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, é o órgano da Administración galega encargado de propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural.

En exercicio das súas competencias responsabilízase de accións que teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural.

SEGUNDO.- Os concellos relacionados no Anexo presentan unha deficiente dotación de infraestruturas rurais no seu ámbito territorial producíndose carencias importantes que frean o seu desenvolvemento rural.

TERCEIRO.- A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, vén de determinar as actuacións a realizar en distintos concellos de Galicia que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan:

- Contemplará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuír a fixar poboación.
- Poderanse incluír obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecemento de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta Consellería.

CUARTO.- Ambas as dúas partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar na consecución deses intereses comúns de apoio ao medio rural galego ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras titularidade das mesmas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

O director xeral de Desenvolvemento Rural

ASINADO DIXITALMENTE

Miguel Ángel Pérez Dubois



ANEXO RELACIÓN DE CONVENIOS PLAN DE INFRAESTRUTURAS RURAIS 2017

IDProxecto	Provincia	Concello/s	Obxecto	Orzamento máximo
13152	A Coruña	Arzúa - Melide	Ponte sobre o río Iso entre Mella e Baltar (entre Arzúa e Melide)	75.577,95€
13178	A Coruña	Baña, A	Mellora de camiños de concentración na Baña, Lañas, Corneira e Suevos	59.883,89€
13186	A Coruña	Frades	Ponte sobre o río Maruzo no lugar de Augas Santas	82.262,73€
13185	A Coruña	Lousame	Camiño en Lesende e outro	59.825,18€
13170	A Coruña	Melide	Mellora de pavimentación en pista de Folladela a Sobrado desde PK 2+760 ao límite municipal de Melide	115.669,93€
13153	A Coruña	Ordes	Camiño AC-524 A Lavandeira de Abaixo	60.455,84€
13173	A Coruña	Padrón	Camiño no Rial (Carcacia)	59.980,72€
13172	A Coruña	Santa Comba	Mellora de vial municipal Traba-Vilamaior-Límite Val do Dubra	136.865,49€
13140	A Coruña	Santiso	Camiño cruce dos oitos a límite con Arzúa	60.379,85€
13175	A Coruña	Tordoia	Camiño Abeleiras-Burgan (Gorgullos) e outro	60.440,46€
13174	A Coruña	Trazo	Acondicionamento de accesos ao lugar de A Baixa en Trazo	59.949,35€
13154	Lugo	Carballedo	Mellora de camiños de titularidade municipal	40.000,00€
13157	Lugo	Corgo, O	Reparación de danos ocasionados polo temporal de choiva en camiños de acceso aos núcleos de: 01- C.E.I.P. (N-VI) Serín-Rioseco-Campelo-Vilamarín-Fonteita, 02- Marei-Lence-A Torre-Corral-Anseán	40.000,00€
13169	Lugo	Foz	Reparación de camiños en Marzán	39.899,53€
13164	Lugo	Friol	Pavimentación do camiño de acceso a Porreira desde a LU-1611	40.000,00€
13158	Lugo	Guntín	Reparación de camiños municipais das parroquias de San Xillao e Lousadela	39.997,91€
13181	Lugo	Láncara	Adecuación e mellora de infraestrutura viaria	40.000,00€
13162	Lugo	Mondoñedo	Reconstrución de ponte sobre o rego Valiñadares no coto da Recadeira	48.010,59€
13155	Lugo	Nogais, As	Acondicionamento e mellora do vial municipal 037-024 de Torés a Estacas	50.094,64€
13165	Lugo	Ouro - Vicedo, O	Reparación de camiños en Cristo da Paleira e Escanavada (Parroquia de Sta. María de Cabanas)	39.922,53€
13167	Lugo	Outeiro de Rei	Rexeneración de camiños nas parroquias de Francos e Candai	40.000,00€
13160	Lugo	Pantón	Reparación de accesos municipais Vilaxilde - Espasantes	37.480,31€
13163	Lugo	Portomarín	Obras de mellora e acondicionamento do acceso a Lamas Maiores	40.000,00€
13166	Lugo	Quiroga	Reparación de camiños de acceso aos núcleos a consecuencia dos últimos temporais	47.484,88€
13183	Lugo	Riotorto	Acondicionamento de accesos ao núcleo rural de O Vilar de Santiago	33.709,43€
13159	Lugo	Saviñao, O	Mellora ao acceso a praia fluvial da Cova	54.428,22€
13187	Lugo	Sober	Reparación de accesos municipais	59.999,48€
13171	Lugo	Vilalba	Acondicionamento de camiño rural do lugar de Moreda a Ferreira na parroquia de Lanzós no concello de Vilalba	60.439,51€
13161	Lugo	Xove	Reparación de camiños rurais afectados por temporais	47.544,99€
13179	Ourense	Amoeiro - Maside	Acondicionamento, reparación e pavimentación de viais rurais	60.499,95€
13133	Ourense	Baltar	Reparación de accesos municipais	58.079,99€
13142	Ourense	Bande	Acondicionamento de camiños no concello de Bande	44.835,21€
13145	Ourense	Castro Caldelas	Reparación de firme asfáltico da estrada Ponte das Taboas - Quintela	46.898,98€
13188	Ourense	Chandrea de Queixa	Mellora de camiño de circunvalación do encoro de Chandrea de Queixa	60.000,00€
13144	Ourense	Montederramo	Acondicionamento de pistas rurais en Montederramo	59.769,08€
13132	Ourense	Ourense	Memoria valorada para o acondicionamento do vial lugar de Lodeiros - Vilar de Astrés	59.839,90€
13136	Ourense	Padrenda	Memoria valorada das obras de reparación do firme do camiño de OU-801 a OU-411 por As Vendas	60.499,99€
13139	Ourense	Riós	Acondicionamento do camiño do Rañadoiro no núcleo rural de Romariz	42.586,48€
13146	Ourense	Rúa, A	Reparación do firme asfáltico dos camiños de Pedrazais e do Barranco Rubio	36.877,88€
13191	Ourense	San Cibrao das Viñas	Remate do camiño de Cavelo	37.056,08€
13151	Ourense	San Xoán de Río	Mellora do firme de acceso ao Seixo	24.081,35€
13135	Ourense	Sarreaus	Pavimentación de viais en Cortegada	27.550,33€
13138	Ourense	Toén	Rexeneración de firme As Airas, Moreiras e Xestosa - San Fiz	60.499,00€
13134	Ourense	Vilar de Santos	Arranxo de camiños de titularidade municipal en Vilar de Santos	54.444,00€
13121	Pontevedra	Agolada	Pavimentación do camiño de titularidade municipal con firme de asfalto. Axiaz - linde concello Rodeiro	47.803,03€
13196	Pontevedra	Agolada-Rodeiro	Construción de ponte sobre o rego de Turubelo no camiño rural que comunica Pedroso con Gurgueiro	57.950,00€
13127	Pontevedra	Arbo	Mellora de accesos ao núcleo de poboación no concello de Arbo	48.399,88€
13126	Pontevedra	Bueu	Pavimentación do camiño da Cividad	43.450,42€
13080	Pontevedra	Cerdedo-Cotobade	Reparacións urxentes en vías municipais	59.863,04€
13129	Pontevedra	Crecente	Pavimentación e ensanche en Parada (Rebordechán) e Rubia (Crecente)	51.906,12€
13128	Pontevedra	Cuntis	Pavimentación de camiño en Loureiro de Abaixo - Cuntis	28.668,18€
13149	Pontevedra	Lama, A	Mellora de pavimento na estrada Carrizás a Antas	59.996,69€
13124	Pontevedra	Meis	Mellora de camiños municipais nos lugares de Valboa, Rochela e Zacande	48.400,00€
13184	Pontevedra	Moraña	Reposición de pavimento no lugar de A Bouza, parroquia de Santa Xusta	59.939,17€
13141	Pontevedra	Mos	Mellora da estrada Generoso Domínguez	53.221,44€



ANEXO RELACIÓN DE CONVENIOS PLAN DE INFRAESTRUTURAS RURAIS 2017

IDProxecto	Provincia	Concello/s	Obxecto	Orzamento máximo
13123	Pontevedra	Pazos de Borbén	Reparación de camiños municipais en Cuartos e Albite parroquias de Borbén e Nespereira	45.516,86€
13148	Pontevedra	Ribadumia	Ampliación e pavimentación de camiños municipais	42.012,75€
13122	Pontevedra	Rosal, O	Mellora de camiños na parroquia de San Bartolomeu das Eiras	49.967,87€
13130	Pontevedra	Soutomaior	Pavimentación do camiño do Coello	48.400,00€
13125	Pontevedra	Vila de Cruces	Mellora de acceso á Granxa Cinxética	49.620,42€
13189	Pontevedra	Vilanova de Arousa	Pavimentación do camiño francés - Baión	49.942,64€



ANEXO RELACIÓN CONVENIOS PLAN INFRAESTRUTURAS RURAIS 2017

IDProxecto	Provincia	Concello/s	Obxecto	Orzamento máximo
13150	A Coruña	Mesía-Boimorto	Ampliación da ponte sobre o río Tambre no límite municipal entre Mesía e Boimorto (Ponte Boado)	143.816,53 €
13523	Lugo	Antas de Ulla	Pavimentación de vías públicas municipais	59.845,31 €
13518	Lugo	Baleira	Actuacións urxentes orientadas a mellorar a seguridade, accesibilidade e calidade da Area de Concentración Parcelaria de A Esperela	59.927,02 €
13197	Ourense	Blancos, Os	Melloras do firme de viais nos núcleos rurais do concello de Os Blancos	59.996,05 €
13524	Ourense	Cortegada	Danos causados en bens municipais públicos	58.247,57 €
13516	Ourense	Paderne de Allariz	Obras de mellora de camiños rurais nos núcleos de Vacariza, San Xés e Mourisco	49.617,27 €
13522	Ourense	Veiga, A	Obras de restauración de camiños rurais	57.000,00 €
13519	Ourense	Xunqueira de Espadanedo	Mellora de camiños municipais no Concello de Xunqueira de Espadanedo	42.349,96 €
13530	Pontevedra	Rodeiro	Mellora do camiño rural de Suime (Santa Mariña de Pescoso) a Río	57.950,00 €
13517	Pontevedra	Valga	Ensanche do camiño entre os lugares de Martores a Magán	119.694,76 €

